

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA
(Expte 1920/2023)

Visto que o Decreto nº 2023-0901, de data 24/11/2023, obsérvase erro na numeración da rúa onde se situa a nova Casa Consistorial, sendo correcto o número 41, redáctase de novo a resolución quedando a mesma da seguinte forma:

DON MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA (Pontevedra) en virtude das facultades que me confire o artigo 21.1, s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, pola que se aproban as Bases do Réxime Local.

Visto que con data 04 de xuño de 2017 realizouse Consulta Popular sobre o traslado da Casa Consistorial, da Rúa Trasdeza nº 55 -e demais servizos municipais situados noutras dependencias- o edificio sito na rúa Progreso, nº 41 da mesma localidade.

Visto que con data 23 de novembro de 2023, procedeuse á recepción da obra "NATURALMENTE NOSO, PROXECTO PARA A NOVA CASA CONSISTORIAL DE SILLEDA", edificio sito na rúa Progreso, nº 41, C.P. 36540 – Silleda (Pontevedra).

Esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Facer efectiva a vontade popular e proceder ó cambio da sede da Casa Consistorial do Concello de Silleda ó edificio sito na rúa Progreso, nº 41, C.P. 36540 – Silleda (Pontevedra).

SEGUNDO.- Comunicar ás Administracións Públicas, o cambio e a nova dirección administrativa.

TERCEIRO.- Aprobar o traslado de tódolos servizos centrais do Concello de Silleda, á sede sita na rúa Progreso, nº 41, C.P. 36540 – Silleda (Pontevedra), dos seus equipamentos e todo o persoal adscrito a estes servizos a esta sede principal, facultando ó Alcalde a realización das actuacións precisas para a efectividade deste acordo. O Salón de Plenos fíxase neste mesmo edificio.

CUARTO.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; no Taboleiro de Anuncios Municipal do Concello de Silleda; na web municipal, www.silleda.es; no portal de transparencia, facéndose constar o traslado do Taboleiro de Anuncios Municipal á nova ubicación das Oficinas Municipais no edificio municipal da rúa Progreso, nº 41, C.P. 36540 – Silleda (Pontevedra).

Silleda, na data da sinatura electrónica.

O ALCALDE-PRESIDENTE
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

A SECRETARIA
Asdo. Déborah García Suárez

